

INTERVENCIÓN COMUNITARIA NO TDAH

Entidade executante

Fundación Ingada (<https://www.fundacioningada.net/>)

Ámbito territorial

O programa desenvólvese nos concellos da Coruña, Ferrol, Santiago, Vigo e Ourense.

Persoas destinatarias

Menores de 0 a 18 anos con diagnóstico de TDAH ou trastornos asociados, así como ás súas persoas cuidadoras.

O número de beneficiarios directos, en toda Galicia para o ano 2023, será de 420 persoas: Provincia da Coruña :310 ,Provincia de Pontevedra: 70 , Provincia de Ourense: 40.

Obxectivos

Xeral: é a mellora da calidade de vida tanto das persoas afectadas polo trastorno coma a dos seus familiares.

Específicos:

- Dar asistencia integral ás persoas con TDAH e TA.
- Prestar asesoramento clínico, social, educativo e laboral a este colectivo.
- Prestar apoio emocional ás persoas con TDAH e aos seus cuidadores.
- Previr e solventar dificultades emocionais frecuentemente asociadas ao TDAH
- Promover a integración social e laboral das persoas con TDAH.
- Promover a integración social e laboral das persoas con TDAH.
- Difundir e divulgar información útil e veraz sobre ditos trastornos.
- Fomentar relacións sociais e actividades de ocio saudables.
- Promocionar a saúde mental e o estilo de vida saudable nestes colectivos.
- Mellorar a atención á cronicidade adaptando os diferentes servizos as súas necesidades.
- Sensibilizar á comunidade sobre o TDAH co fin de reducir a súa estigmatización.
- Ofrecer ferramentas aos conviventes con persoas con TDAH sobre como actuar ante dificultades comúns.

Metodoloxía

Grupos de axuda mutua (GAM): Trátase de reunións periódicas de formación ás familias e ás persoas con TDAH e/ou trastornos asociados.

Obradoiros: Algúns son: técnicas de control de impulsos, técnicas de estudos, educación emocional, mindfulness, prevención de hábitos aditivos... Cada un destes obradoiros vai dirixido a un grupo específico de idade.

Actividades destinadas á prevención e promoción da saúde mental : lúdico-deportivas, mindfulness e ioga, coidado dos cuidadores, andainas e actividades no medio natural de xeito mensual